

NORMAS XERAIS DO CROS

COMARCA DE OURENSE (Curso 2023/2024)

O Servizo de Deportes de Ourense da Xunta de Galicia e a **AGRUPACIÓN DEPORTIVA ESCOLAR “AS BURGAS”**, en colaboración coa Delegación Ourenzá da Federación Galega de Atletismo, organiza para o presente curso académico a modalidade de **CROS**, dentro do programa “ACTIVIDADE DEPORTIVA”, como se expón a continuación:

1. CATEGORIAS:

| CATEGORIAS | ANO DE NACEMENTO |
|---------------------------------|------------------|
| Benxamín (masculino e feminino) | 2016-2015 |
| Alevín (masculino e feminino) | 2014-2013 |
| Infantil (masculino e feminino) | 2012-2011 |
| Cadete (masculino e feminino) | 2010-2009 |

2. DATAS:

| PROBA | PARTICIPANTES | DATA |
|-----------------------|------------------------------------|----------------------------|
| PREVIA COMARCAL | Centros e Clubes (MONTERREI) | Sábado 04/11/2023 |
| PREVIA ESCOLAR | Centros Escolares BENX/ALEV | Martes 14/11/2023 |
| PREVIA ESCOLAR | Centros Escolares INF/CAD | Mércores 15/11/2023 |
| FINAL COMARCAL | Centros e Clubes (MONTERREI) | Sábado 18/11/2023 |
| FINAL PROVINCIAL | Centros e Clubes (RIBADAVIA) | Sábado 16/12/2023 |
| FINAL GALEGA | Centros e Clubes (RIBADAVIA) | Sábado 13/01/2024 |

3. PARTICIPACIÓN:

3.1.- Poderán tomar parte en cada unha das probas os clubes ou colexios da Comarca de Ourense.

3.2.- Cada centro educativo ou clube, poderá participar na primeira fase co número de alumnos/as ou atletas que desexe.

3.3.- Para as fases posteriores, as entidades clasificadas poderán formar os equipos, seleccionando aos/ás alumnos/as ou atletas.

3.4.- É recomendable que todos/as os/as participantes se presenten portando unha camiseta distintiva do seu centro ou clube.

3.5.- Calquer aspecto non recollido nestas Normas Xerais rexirase polo normativa colgada na web oficial de XOGADE (Xogos galegos deportivos en idade escolar) e o Regulamento Federativo.

4. INSCRICIÓN:

4.1.- Para as fases previas a inscrición é sen límite de atletas e sen necesidade de formar equipos. **A inscrición das previas escolares farase a través da aplicación eventos (Actividad deportiva escolar>Eventos).** Para a final comarcal do sábado 18 de novembro de 2023 e o Provincial o 16/12/2023, as inscricións faranse separadas por categorías e equipos. *A inscrición dos atletas participantes en cada competición será o martes anterior a cada proba, agás nas fases provinciais e autonómica, nas que as inscricións dos equipos participantes deberán estar a disposición da organización antes das 20.00 h do xoves da semana anterior á celebración da proba.*

!!!MUY IMPORTANTE!!!

INSTRUCCIÓN PARA TRAMITACIÓN DE INSCRICIÓN NA SDP DA RFEA

Os Clubes, Colexios ou Asociacións, unha vez dados de alta todos os seus deportistas na aplicación de XOGADE, deben cubrir e enviar a folia de cálculo de inscrición (que se adxunta a esta normativa) con todos os datos debidamente cumprimentados ó enderezo electrónico competicion@atletismo.gal (Contacto 981291683 Luis Fiaño) e ao Servizo Provincial de Deportes deportes.ourense@xunta.es.

Os Clubes, Colexios ou Asociacións que teñan a todos os seus deportistas federados, non teñen que facer este proceso, usarán o usuario e clave que xa teñen asignado e realizarán a inscrición para cada xornada dende a SDP RFEA (<https://sdp.rfea.es/auth/login>) como para calquera proba federada.

As inscricións para cada xornada rematarán o lunes anterior a disputa da proba as 22'00 horas. Para calquera dúbida chamar a Angel Fidalgo ó teléfono 671 052 185 ou dirixirse o enderezo electrónico ourense@atletismo.gal.

4.2.- O día da competición, os/as delegados/as oficiais de cada equipo poderán realizar un máximo de DOUS cambios en cada categoría, sobre a inscrición previamente realizada. Estes cambios formalizáranse na Secretaría da Competición, até 30 minutos antes do comezo da proba correspondente, momento no que finalizará o prazo de confirmación. Esta posibilidade non exclúe de ter debidamente mutualizados/as aos/ás corredores/as.

5. DORSAIS:

5.1.- Os dorsais serán facilitados pola Organización a través da Secretaría ata 30 minutos antes do comezo da proba correspondente. Só se permitirá o uso dos dorsais facilitados, que non poderán cortarse, dobrarse ou ocultarse de xeito algún.

5.2.- Os/as participantes quedan obrigados a levar os dorsais no peito, descalificándose a quen non o leve así.

6. CLASIFICACIÓN:

As bases da clasificación aparecen na normativa de XOGADE (apartado clasificación)

7. LUGAR:

COMPLEXO DEPORTIVO MONTERREI

8.- HORARIOS

Archivo adjunto.

NOTA: Para o traslado do alumnado ao lugar de celebración da proba, os/as responsabeis ou delegados/as poranse en contacto co Servizo Provincial de Deportes, unha vez formalizada a inscrición.

Ourense, a 11 de outubro de 2023

O COORDINADOR PROVINCIAL DO DEPORTE ESCOLAR